



ESCOLA MUNICIPAL
DE ARTES E OFICIOS

Concello de Vigo. EMAO

Nota de Prensa

EMAO. Concello de Vigo
García Barbón, 1 36201-Vigo.
Teléf. 986228088
emao@vigo.org
www.vigo.org

VIGO

mércores 26 xaneiro 2011

O 28 de xaneiro, coa inauguración da exposición "proxecto apertura" ABRE AO PÚBLICO A NOVA SALA DE EXPOSICIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

Coa exposición "Proxecto apertura", inaugúrase o nova Sala de Exposicións da Escola Municipal de Artes e Oficios, o Espazo EMAO, coa intención de abrir unha porta á cidade para que poda coñecer o resultado do traballo docente e creativo que se desenvolve nesta centenaria institución educativa.

A nova sala ocupa un amplo espazo situado na planta baixa do edificio anexo, con entrada independente polas rúas Oporto e Rosalía de Castro. O novo espazo, ocupado ata hai pouco pola aula de Debuxo (trasladada a un amplo espazo no primeiro andar do edificio principal) xorde dunha coidada adecuación da sala para dotala do necesario para cumprir con calidade este novo uso.

A inauguración desta primeira exposición e presentación do "Espazo EMAO" terá lugar o venres 28 de xaneiro ás 19 horas e permanecerá aberta de martes a sábado entre as 19 e as 21 horas ata o día 26 de marzo.

Proxecto apertura reúne obras seleccionadas de alumnado actual e recente da Escola nas especialidades de Debuxo, Pintura, Escultura e talla en madeira, Serigrafía artística, Encadernación artística, Cerámica artística, Moda e confección, Encaixe de Palillos, Artesanía en coiro e Construcción de instrumentos musicais (Gaita, zanfona e luthería antiga). As 50 obras expostas fan un percorrido pola actividade da Escola e amosan a gran calidade artesana e artística que teñen acadado as ensinanzas nas distintas aulas e obradoiros. No seu conxunto supón unha interesante e amena exhibición de obras que supoñen un alto grao de madurez no que se pode apreciar unha esixencia de altísima profesionalidade e creatividade.

Nesta ocasión, o comisariado da exposición correspondeu a dous mestres da EMAO, Federico Fernández e Miguel Vázquez, ámbolos dous cunha importante traxectoria docente e cunha obra artística individual recoñecida nos ámbitos da ilustración e a cerámica, respectivamente. Na selección das obras seguíuse un criterio xeral de representatividade do traballo que se desenvolve nos talleres, coidando a súa coherencia creativa e a súa calidade formal e na súa execución.

Texto da Concelleira de Educación e presidenta do organismo autónomo que introduce o catálogo da exposición:

Coa mostra *Proxecto apertura*, inaugúrase a nova sala de exposicións da Escola Municipal de Artes e Oficios: o *Espazo EMAO*, coa que esta centenaria institución quere recompoñer unha ponte sólida e duradeira coa sociedade viguesa da que forma parte inseparable.

O *Espazo EMAO* é algo máis cá un lugar onde poder contemplar os produtos da intensa labor educativa e creativa de alumnado e profesorado da Escola; é, sobre todo, unha porta --real e simbólica-- á cidadanía, para devolverlle, en forma de coidadas obras artesanais e artísticas, unha parte do esforzo que fai para manter nun alto nivel a cultura e a educación en Vigo.

O novo espazo é á vez un inicio e un resultado. Inicio dunha etapa na que o Escola se abre e mostra, muros afóra, en que consiste e cal é o sentido da súa actividade formativa e creativa. O resultado dunha etapa de redefinición de obxectivos e formalización de programas encamiñados a senta-las bases da institucionalización da formación de carácter non regrado no eido das artes e os oficios. Unha formación que estivo diluída, durante demasiado tempo, na inercia da transición entre o que fora a desaparecida Universidade Popular e a reconstrucción dunha institución que debe ter o seu contexto nas finalidades do ámbito formativo profesional de arte e o deseño e da formación das persoas ao longo da vida, que hoxe consagra a Lei Orgánica de Educación.

Esta nova actividade é pois un resultado inevitable da posta en práctica do Plan de Normalización Curricular, iniciado no curso 2008-2009 como elemento rector de cambios programáticos e organizativos de calado que, dende aquela, véñense poñendo en práctica como consecuencia do firme propósito de actualizar a Escola e darlle un sentido acorde coas necesidades que demanda a sociedade viguesa do século XXI.

Neste proceso normalizador, ten un carácter especialmente significativo a apertura dun espazo expositivo que vaia máis alá da mera mostra de traballos escolares e se insira na presentación en sociedade de produtos culturais elaborados como consecuencia do acontecer educativo interno, que amosen, na súa feitura, o delicado proceso que vai dende a aprendizaxe das actitudes e técnicas, á produción artesana, á creación e á exhibición pública do feito.

Como presidenta da Xunta Reitora do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, sinto unha especial satisfacción e agradecemento nesta ocasión.

Nada hai máis satisfactorio para unha persoa que leva a práctica totalidade da súa vida adicada profesionalmente á educación, que constatar a capacidade que esta ten de mellorar o mundo que nos rodea, de aportar á sociedade o máis valioso do ser humano: a transformación da materia –sexa esta un lenzo, a madeira, o coiro, o papel, a lama, o metal, a tea, os fíos de liño ou lan-- en obxecto cultural válido para acrescentar o saber, o disfrute estético ou a coidada funcionalidade das cousas que nos rodean.

E agradecemento a tódalas persoas que fan posible esta iniciativa: á cidadanía que inviste parte do seu esforzo económico no sostemento desta institución educativa; ao profesorado da EMAO, transmisor das técnicas e saberes e animador das capacidades do seu alumnado; ao persoal non docente e técnico da Escola e do Servizo municipal de Educación, que co seu calado labor diario posibilitan que todo funcione e sexa posible que hoxe inauguremos un novo espazo cultural. E, naturalmente, a todo o alumnado: aos que expoñen pola excelencia do seu traballo e aos que esta vez nono fan, por representar plenamente con esta escolma o labor e esforzo de todos e todas.

Proxecto apertura é só un inicio singular do que será unha constante no futuro próximo da Escola: a plena incorporación do vello edificio, da súa historia e da súa actividade na urdimbre social e cultural normalizada da nosa cidade. A dilución da preciosa arquitectura decimonónica na bulideira e complexa sociedade de hoxendía, destinataria final deste lugar e destas obras.

Laura López Atrio
Concelleira delegada de Educación
Presidenta do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios

NOTA: achéganse arquivos co catálogo en formato .pdf da Exposición e tarxeta de invitación á súa inauguración